

O PP de Ourense esixirá conexión de fibra óptica



Páxina V

III edición do Programa Xuntas en Salvaterra, Salceda e As Neves



Páxina IX

Tui licita 20 postos do Mercado de Abastos



Páxina X

China e Galicia exploran oportunidades de negocios



Páxina XIV

AVE Lisboa-Porto-Vigo para o 2032



Páxina XIV



En marcha a Eurocidade entre Caminha, A Guarda e O Rosal

Páxina XII

A "Furgoteca" percorrerá dez concellos de Ourense

Páxina V



MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros
Fin de semana 16 euros

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías,
cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Un pacto polo galego?

Nesta semana das Letras foron varias as chamadas a un pacto pola nosa lingua dende moi diferentes posicións políticas e sociais. Fíxoo o conselleiro de Cultura e Lingua, José López Campos no Parlamento, esixiuno o presidente da Academia Galega, Victor F. Freixanes no acto académico do 17-M de homenaxe á nosa Luisa Villalta e expresouno tamén como “grande pacto nacional pola lingua” na grande demostración cidadá en Compostela de Queremos Galego do 17-M o Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística (MNL) Marcos Maceira. Dende diferentes, mais complementarias perspectivas, Freixanes e Maceira salientaron a situación de “emerxencia” da nosa lingua diante da creba de transmisión xeracional e a grande cantidade de eivas e limitacións xurídicas e fácticas que mancan o seu uso.

Se o conselleiro de Lingua e o presidente Rueda queren que a cidadanía non os mire como parte do problema do galego compre



que saiban ben do que falan cando falan de pacto pola lingua. Porque, como dixo tamén o 17-M a líder da oposición, Ana Pontón (BNG) non é posíbel acordo de país ningún sen a derogación da prohibición do ensino das matemáticas e da física en galego, vixente dende o malfadado

Decreto de plurilinguismo de 2010.

E onde poden estar os contidos que alicerzen un Pacto Nacional pola lingua? De primeiras no último acordo unánime das forzas políticas galgas (PP, BNG e PSdeG): o Plan Xeral de Normalización aprobado polo noso Parlamento en setembro de 2004. Lóxicamente depurado dos contidos que o progreso histórico e tecnolóxico amosou caducos. E tamén na legalidade europea, na Carta Europea de Linguas Regionais e Minorizadas que constitúe Dereito interno, sistematicamente vulnerado polos Poderes estatal e galego, como ten denunciado a oito o Comité de Ministros do Consello de Europa.

Da aplicación conxunta do Plan de Normalización de 2004-actualizado- e da Carta Europea (Plan e Carta que asumen as tres forzas parlamentarias galegas) si podería xurdir un Pacto Nacional pola lingua.

No ensino as súas esixencias proxectaríanse na derogación das prohibicións do ensino en galego, garantindo de inmediato o mínimo do 50% de uso vehicular do galego do Decreto de 2007 e introducindo de xeito gradual, como propón a MNL, a

necesaria inmersión no galego como lingua vehicular de todo o sistema educativo (público e concertado) que restituía as graves limitacións de coñecemento e uso que reflicten as estatísticas a respecto das xeracións máis novas, garantíndose a dotación de material pedagóxico e didáctico en galego en todos os niveis e áreas de coñecemento, dotación que non se garante na actualidade.

O pacto habería tender tamén ao recoñecemento do uso oficial do galego no Estado e na Unión Europea e na progresión dos usos administrativos, sociais e empresariais. A Ordenanza lingüística do Concello da Coruña, confirmada na súa legalidade por unha recente sentenza do TSXG ratificada polo Supremo, demostra que existe un amplo campo xurídico para promovermos na progresión normalizadora das nosas Administracións municipais e-tamén- en todos os servizos públicos fornecidos por concesionarios e contratistas privados. Tamén no mundo empresarial en xeral.



Por Xoán Carlos Caballero

Tribulacións e desventuras dun mestre de escola

Teño un amigo, mestre de Educación Física, que me contou unha anécdota vivida co pai dunha alumna ao cal, ata hai tres meses, non coñecía de nada. Por certo, o colega que me relatou a historia, segundo coñecidos que temos en común, parécese moito a min, tanto no físico, como na rixidez de esquemas mentais ou na intolerancia a un feixe de cousas, entre elas, á lactosa, á impuntualidade, aos jetas que se aproveitan da bondade dos seus compañeiros... e a un longo etcétera máis. Tanto insisten no parecido que, ata eu mesmo, comezo a sospeitar que estamos en posesión de cerebros de corta pega, obtidos dunha matriz que descoñezo. Non coincido coa súa opinión, porén, hai probas que son irrefutables. Si eu me poño a dieta, el tamén perde peso. Si el toma unhas copas de máis, somos os dous os que sufrimos a resaca.



Relata a miña alma xemelga que, mentres almorzaba nunha cafetería, achegouse a el un pai e bisboulle ao oído que si sería posible que na seguinte avaliación cualificara a súa filla coa máxima nota, porque

segundo o seu criterio, a nena merecía. Ante a estupefacción do que escoitou, quedou paralizado, e sen tempo para pensar, non se lle ocorreu mellor resposta que dicirlle que non se preocupase sobre o asunto. Unha vez superado o estado de shock, topouse de bruces coa realidade cando, casualmente, recibiu unha de tantas chamadas que lle fago a diario. No seu ton de voz percibín que algo viña de pasar.

—Atópaste ben? —pregunteille

—A verdade é que non.

A continuación comezou a contarme o que lle acababa de suceder. Cando rematou de relatar a insólita situación pola que tivo que atravesar, respondílle:

—O mandarías á merda, non si?

—Equivócaste, foi tan inesperado, que non tiven tempo de procesar o que me estaba pedindo e a contestación foi a que che comentei. Nin lle dixen si nin non, simplemente que non se preocupase.

Acto seguido e como adoito facer, comecei a reprocharlle o seu proceder.

—Só a ti se che ocorre, pero que tipo de reacción é esa, en que planeta vives?

Ante solicitudes, cuasi delitivas deste tipo, a túa resposta non pode ser outra que mandalo ao carallo sen contemplacións.

—Para xa, por favor! Que si, que tes razón! Colleume coa defensa baixa. A conta de que voulle poñer un 10? —afirmou.

—Vai preparando que dicirlle cando te atopes de novo co el —aviseille.

Dous meses despois, na mesma cafetería, aparecéuselle o pai e cun certo aire de indignación, dille:

—Estou moi decepcionado contigo, prometéralle a miña filla que ía sacar un 10 en E.Física, nota que che pedín pola confianza que nos une.

A conversación, nesta ocasión durou un minuto, o tempo que lle levou mandalo á merda cunha educación exquisita á que, por outra banda, non me ten acostumado.

Nin que dicir ten que, ao meu colega, ese día o almorzo non lle saíu gratis, como si acontecera o día de autos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Isidoro Gracia – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Francisco Puñal.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Por Roberto Mansilla Blanco

Europa: eleccións baixo convulsión

A Unión Europea xogase o seu futuro coas eleccións parlamentarias previstas para o vindeiro 9 de xuño. Nestes comicios elixiranse 720 deputados para o período 2024-2029, cuxas decisións terán repercusións para os 450 millóns de persoas que habitan dentro do espazo comunitario. Non obstante, o clima previo a estes comicios amosa síntomas de violencia política, en gran medida determinados pola dinámica do conflito ucraíno, a crecente polarización política interna e as consecuencias da recomposición das alianzas xeopolíticas estratéxicas a nivel global, particularmente ante a consolidación do eixe euroasiático sino-ruso e a dependencia europea dos imperativos 'atlantistas' vía OTAN.

Este clima de violencia política levou a un inesperado intento de asasinato do presidente de goberno eslovaco Robert Fico o pasado 15 de maio. Con anterioridade o presidente serbio Aleksandr Vucic tamén sufriu unha tentativa similar. No caso do mandatario eslovaco as autoridades sospeitan dun militante de extrema dereita considerado 'prorruso', un perfil similar á da súa vítima, a quen os mass media vinculan co Kremlin polas súas críticas e reticencias á secundar a axuda militar e económica para Ucraína. Así, os intentos de asasinato contra Fico e Vucic poden verificar unha pista de 'rusofobia' en aumento en Europa.

A pista 'rusa' parece redimensionarse cara outros escenarios, particularmente a guerra ucraína. A visita sorpresa a Kiev do secretario de Estado estadounidense Anthony Blinken foi un 'espaldarazo' para o seu anfitrión Volodymyr Zelenski, actualmente en horas baixas. A visita de Blinken da a entender os temores occidentais ante a efectividade da ofensiva militar rusa cara a estratéxica localidade de Járkov, que ampliaría o control militar do Kremlin no leste e centro ucraínos. Toda vez a superioridade militar rusa contrasta cos pro-

blemas de recrutamento de efectivos que ten Zelenksi. Estas preocupacións moi probablemente influíron para que o presidente ucraíno suspendera de súpeto unha xira prevista por España e Portugal.

Isto nos leva directamente a Moscova, o novo 'imperio do mal' para Europa. Un Vladimir Putin que oficialmente entronizou un novo mandato o pasado 6 de maio tamén deu un volantazo político estratéxico: destituír ao seu ministro de Defensa, Serguéi Shoigú, por un civil, Andréi Belousov, un tecnócrata que ten demostrada a súa eficacia na xestión económica.

Este inesperado xiro político no Kremlin que afecta ao poderoso estamento militar deixa varias claves na mesa: reestruturación das altas esferas de poder, xogos de equilibrio entre os clans políticos, posible purga encoberta e redefinición das prioridades cara unha 'economía de guerra' con capacidade para mater o esforzo bélico a longo prazo. Todo isto afectará non só na fronte ucraína senón na cada vez máis evidente guerra silenciosa entre Rusia e a OTAN. E, por suposto, nas decisións que tome o próximo Parlamento europeo.

Por outra parte, Putin viaxou a Beijing (16-17 de maio) para reforzar a alianza estratéxica co seu homólogo chinés Xi Jinping. A posta en escena confirma a solidez do eixe euroasiático sino-ruso antes as presións occidentais. Xi viña de realizar unha xira por Europa tras cinco anos de ausencia por Francia, Serbia e Hungría, neste último país onde anunciou xunto ao seu aliado e anfitrión Viktor Orbán a apertura dunha fábrica de coches eléctricos no país centroeuropeo. Nesa xira europea, Xi consolidou as alianzas euroasiáticas sino-rusas con Serbia (aspirante ao ingreso na UE) e Hungría (membro da UE e da OTAN) toda vez enviou unha sutil mensaxe a Francia sobre os novos reacomodos xeopolíticos globais.

Non saímos do espazo euroasiático. Tras varios días de violentas protestas e represión

policial, o Parlamento xeorxiano aprobou (15 de maio) unha polémica Lei contra Axentes Estranxeiros coloquialmente denominada "Lei rusa" pola súa similitude coa que impera en Rusia desde 2022. Con esta lei, activistas e ONGs locais que reciban un mínimo de 20% de financiamento exterior serán sometidos a unha vixilancia extrema e posible expulsión do país caucásico. A "Lei rusa" condiciona un pulso xeopolítico entre Rusia e Occidente por controlar esferas de influencia no Cáucaso, unha rexión estratéxica para a seguridade nacional rusa, ruta de paso de proxectos enerxéticos dende o Mar Caspio e entrada xeográfica ao volátil e convulso Oriente Próximo.

Como sucedera co "Maidán" en Kiev en 2014, altos cargos europeos, neste caso dos gobernos de Islandia, Estonia e Lituania, viaxaron á capital xeorxiana Tbilisi para manifestar o seu apoio ás protestas populares contra a "Lei rusa" argumentando que afasta a Xeorxia das súas negociacións de ingreso na UE, abertas oficialmente en decembro pasado. Se ben a presidenta xeorxiana Salome Zuberashvili vetou a lei, o Parlamento moi probablemente volverá a ratificala.

Logo está Oriente Próximo. Israel aproveitou unha conxuntura relevante (polémica en Eurovisión; Día Nacional e Nakba palestina do 15 de maio; votación na ONU para ampliar os dereitos palestinos como Estado membro) para lanzar a súa ofensiva militar en Rafah, paso previo para unha expulsión definitiva dos palestinos de Gaza. Con todo, o goberno de Benjamín Netanyahu ve afectada a súa imaxe internacional polo xenocidio en Gaza, o cal repercute nun illamento diplomático no que incluso o seu aliado irrestrito estadounidense comeza a marcar certas distancias. Netanyahu está perdendo a batalla da narrativa ante a opinión pública internacional e incluso interna, con fortes cuestionamentos dos cidadáns israelís sobre o custe dunha ofensiva militar que non termina de dar completamente os seus froitos nin de derrotar a un Hamás, aparentemente máis consolidado como movemento de resistencia palestino.

Por outra banda, o inesperado falecemento do presidente iraniano Ibrahim

Raisi e varios dos seus ministros nun accidente aéreo este 19 de maio implica directas consecuencias en temas relevantes para a seguridade internacional como o futuro do programa nuclear iraniano (no que Europa ten voz na negociación con Teherán) e o pulso rexional entre Irán e Israel. Todo isto sen desestimar as claves internas no propio país persa, que poden anunciar cambios políticos.

Volvemos a Europa. Ante un convulsionado contexto exterior os visos de preocupación e certa desesperación nótase nos círculos de poder en Bruxelas ante o avance das opcións 'euroescépticas', de populismos extremistas críticos con Bruxelas e incluso opcións 'prorrusas'.

A presidenta da Comisión Europea, Úrsula von der Leyen, xa fala abertamente dunha fronte parlamentaria de dereitas incluso amparando o branqueamento de apoios deses partidos extremistas e 'euroescépticos' ou 'antieuropeístas'. Incluso saen expectativas apocalípticas para o proxecto europeísta: algunhas enquisas advirten que un 25% do próximo Parlamento Europeo estaría dominado por este espectro político extremista e crítico coas elites europeístas. A polémica visita a Madrid (17-19 de maio) do presidente arxentino Javier Milei para asistir a un acto do seu aliado VOX onde tamén participaron líderes críticos con Bruxelas como Marine Le Pen, Giorgia Meloni e Viktor Orbán da a entender que esta 'fronte anti-UE' está surcando incluso os límites atlánticos e quere ter incidencia nos próximos comicios parlamentarios.

Todas estas variables darían a entender que existen forzas centrípetas dentro da UE que premen por mudar o seu ethos de espazo de pacificación e cohesión social cara unha vertente cada vez máis confrontativa e militarista. En medio deste contexto convulso, Europa vive momentos de zozobra e de aparente incapacidade para reconducir unha crise cada vez máis estrutural.



globaltea
informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza



OPINIÓN

Por Baldomero Iglesias Dobarrío. Mero.

Habería que saír de aquí

Volvemos onda sempre, no medio destas carreiras entre “e ti máis” cos líos de perdidos e perdedores, desleixo pola razón e a equidade ou proporcionalidade, reencontros, erosións, indignacións, traizóns que dan lugar a un espectáculo lamentable. O certo, para chegar a un lugar de consenso e paz, é que a derrota da intelixencia é precisamente a forza, o bulo e a mentira. Empregados para desfacer e crear lodos. E mentres rifan, non gobernan. Non caemos na conta de que a ameaza, o medo, o castigo, non fan máis que acender de novo o lume da ignorancia. E impiden avanzar. Ínchalles a vea co mal xenio, enfádanse e alporízanse para dar razón da senrazón. Uns impiden que gobernen, outros enchen a boca de insultos e desprezos. A imaxe é moi lamentable. Non hai nada que aprender! A letra non entra con sangue, os argumentos non poden ser de xostra e cinto, ...esa é a derrota do entendemento, a cordura. Aínda así entendido isto entre case todos, xorden propostas que resultan provocadoras e que pensabamos caducadas. Sacan do armario aquelas barbaridades de noutro. Veñen



da man de mentes discordantes que senten nostalxia do berro, da voz alta, do imperativo, do castigo, da homofobia, da expulsión dos inmigrantes, da prohibición do aborto, das autonomías, de levantar muros, das armas, de acabar aparentemente coa violencia de xénero cambiándolle de nome, da ilegalización de todas as liberdades que nos trouxeron aquí, a este estado de cousas tan deplorable, pois consentiu este regreso, esta involución! É un triste espectáculo, non se dan conta do moito que cobran ao mes, para non facer caixa de nada! Aínda habería que ver se eses grupos de dubidosa legalización entran nos parámetros constituíntes, pero aí están e campan anchos montados a ca-

balo da man de militares con ideario de desintegración de calquera orde que non sexa a deles. Por iso habería moito que

estudar e sancionar. Son grupos moi violentos que seducen a incautos, con vínculos fascistas e de tan triste evocación. Outro erro do sistema. Estamos, xa que logo, nos dispa-

rates e lonxe da realidade. Isto non é o que era. Chegaron porque xa estaban, anque caladiños. Ergueron a cabeza e aínda son ben deles. O peor é daquela xente que os sinte falar e que os cren. Pobres! Case todos sabemos quen son eses “contradictorios” que berran acendidos nas súas manifestacións, envoltos en bandeiras, en partidos extremos, de odios e rancores, desa homoxénea condición que os destaca para enfrontarse violentamente con quen non pense así. Xa non senten a vergoña do pasado recente, no que calaron. Son aqueles machos de salón e damas de “mantilla” que nas súas falas e modos amosan unha falta de obxectividade manifesta e unha misoxinia, perversa e errada que ha-

bita aqueles conceptos do machismo doméstico, cando nega Europa e chora lembrando fascismos e ditaduras de tan penoso lastre. Teorizan inseguridades para armarse, inventan frases lapidarias que negan a fame, a proporción, o reparto, as brechas salariais, suscitan na súa propia propaganda grandes mentiras que nin eles cren. Defenden banca e o empresariado para sentirse subvencionados, teñen o seu público que cree as fantochadas. E crean alarma social. Aproveitan o discurso da forza e buscan amigos por fóra para facerse máis grandes, entre a tolemia e a violencia.

Mentres outros soñamos con conciliar vontades, na corresponsabilidade, na igualdade, na flexibilización e entendemento, diversidade, motivación e a razón sen etiquetas de sexo, relixión, idade, raza. No respecto pola diversidade! É o momento de non calar e de sinalar a eses grupos radicalizados na afronta e corrupción. Agora é o tempo de esixir transparencia, de apostar pola esperanza nesa sociedade multicultural que nos estime e recoñeza nos dereitos, a ser quen somos.



Por Fito Álvarez

A Fronte Polisario critica a política exterior de España e lembra a súa responsabilidade no Sahara Occidental

Abdulah Arabi, representante da Fronte Polisario en España, criticou a “dobre moral” do presidente do Goberno, Pedro Sánchez, ao celebrar o recoñecemento do Estado de Palestina mentres ignora a situación do Sahara Occidental. A Fronte Polisario aplaudiu a decisión de España de recoñecer ao Estado de Palestina, que se formalizará o próximo 28 de maio, pero acusa a Pedro Sánchez de liderar unha política exterior incoherente ao non aplicar o mesmo criterio coa República Árabe Saharaí Democrática. Abdulah Arabi, representante da Fronte Polisario en Madrid, subliñou a “dobre moral” do presidente do Goberno, lembrando que España segue sendo a potencia administradora do Sahara Occidental e, por tanto, encargada de organizar un referendo de autodeterminación. “Celebramos o recoñecemento do Estado de Palestina, dado que supón formalizar, desde un punto de vista diplomático, unha realidade xa existente”. Con todo, o representante da Fronte Polisario en España solicitou a Sánchez que tome unha decisión similar co seu pobo e “inicie de maneira decisiva os pasos que conduzan ao fin da ocupación do Sahara Occidental”. O anuncio de Sánchez, realizado este mércores no Congreso, foi



coordinado con Irlanda e Noruega. “Netanyahu non ten un proxecto de paz para Palestina. Loitar contra Hamás é lexítimo, pero a ofensiva que está a levar a cabo está a xerar tanto dor que a situación entre os dous Estados está en serio perigo”, afirmou o presidente do Goberno, engadindo: “Estamos obrigados a actuar, en Ucraína e en Palestina, sen dobres rapadoiras”. Acusacións de Dobre Moral Esta afirmación xerou unha resposta inmediata de Arabi a través da rede social X: “Tras unha completa análise da situación xeopolítica internacional, o presidente do Goberno anunciou que recoñecerá ao Estado palestino o próximo día 28. Celebramos esta decisión. Con todo, unha política exterior coherente esixe facer o propio respecto do Sahara”. (<https://x.com/abdu-lahfpe/status/1793188144323383433>) Arabi acusou a Sánchez de dobre moral e denunciou a falta de vontade política na cuestión do Sahara Occidental. “Vimos no caso palestino que, de existir vontade política e no marco do Dereito Internacional, todo é posible. Oxalá nos outros conflitos do mundo non teñamos que asistir á perpetración dun xenocidio para que os mecanismos institucionais pertinentes actívense”. Arabi destacou a importancia da presión popular na decisión de recoñecer a Palestina e demandou ao presidente do Goberno que, “por coherencia”, aliñe as súas medidas de política exterior coa sensibilidade da cidadanía española, que “non entende nin comparte” o xiro unilateral de Sánchez hai dous anos respecto a a postura tradicional de España coa súa antiga colonia. Esta decisión levou á fronte Polisario a suspender relacións co Goberno. Responsabilidade Española no Sahara Occidental “Desexamos que España recupere a postura

tradicional, que se aliñe co Dereito Internacional e esixa o cumprimento das resolucións de Nacións Unidas. Debe reformularse o seu xiro unilateral sobre o Sahara, que só satisfai os desexos imperialistas de Marrocos”, insistiu Arabi. O cambio de postura de España foi anunciado por Marrocos, que fixo pública unha carta na que Sánchez recoñecía ao rei Mohamed VI que o seu plan de autonomía para o Sahara, presentado ante a ONU en 2007, constituía “a base máis seria e realista” para lograr unha solución ao conflito, enquistado desde hai medio século. O Sahara Occidental, un dos 17 territorios non autónomos baixo supervisión de Nacións Unidas, foi colonia española entre 1885 e 1975. Os seus cidadáns convertéronse en “españóis de pleno dereito” en 1958, condición que perderon tras a retirada de España segundo os Acordos de Madrid, considerados inválidos polas organizacións internacionais. España segue sendo vista como a potencia administradora, encargada de organizar un referendo de autodeterminación. A Fronte Polisario mantén a súa denuncia da explotación e ocupación do Sahara Occidental por parte de Marrocos e chama a España a actuar con coherencia e responsabilidade, cumprindo coas súas obrigacións internacionais para facilitar a autodeterminación do pobo saharauí.



O PP esixirá ao Goberno que todos os fogares teñan conexión de fibra óptica

O Partido Popular de Ourense denuncia os incumprimentos do Goberno de España en relación á instalación de fibra óptica nas zonas rurais de Ourense. A secretaria da xestora provincial e alcaldesa de Bande, Sandra Quintas, xunto á portavoz popular na Deputación, Patricia Torres, e o alcalde de Baños de Molgas, Manuel Ángel Fernández Movilla, denunciaron que un de cada tres fogares segue sen ter conectividade a internet por este medio, cando xa debería estar instalado no 100% deles.

“O Goberno comprometeuse a que todos os fogares do rural



Rolda de prensa na sede do PPOurense.

contasen con fibra óptica para 2024, pero a estas alturas do ano os datos reflicten un total incumprimento”, lembrou Sandra Quintas. Asegurou que “hai que sumar tamén os centos de inci-

dencias que denuncia a veciñanza porque os instaladores non lle poden dar servizo a internet, xa que moitas caixas de conexión instaláronse en lugares que o fan técnicamente inviable”.

A “Furgoteca” percorrerá dez concellos de Ourense



O biblioteca móbil estará en servizo en Ourense no mes de setembro.

Anxo M. Lorenzo, director xeral de Cultura, anunciou que en setembro porase en marcha a terceira ruta de A “Furgoteca”. Activarase na pro-

vincia de Ourense e atenderá os concellos de Lobeira, Muíños, Padrenda, A Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Sandiás, Sarreaus e Vereia. Ademais adiantou que para este servizo a Consellería prevé un investimento de máis de 655.000 euros de cara aos próximos dous anos.

En resposta a unha pregunta parlamentaria na Comisión de Educación e Cultura, Anxo M. Lorenzo explicou que a decisión de ampliar este servizo de biblioteca móbil faise tras o balance “positivo e alentador” das dúas primeiras rutas, nas que percorreu 20 concellos das provincias de Lugo e Ourense con menos de 2.000 habitantes.

A sociedade Albor celebrou a semana cultural

A Sociedade cultural e deportiva Albor, do Couto, celebrou a semana cultural coa inauguración da exposición de cadros de José Leonardo Pereira, “Tramas e Patróns”. Alfonso Vázquez Monxardin, catedrático de Lingua e Literatura, historiador e investigador, pronunciou unha conferencia de apertura. Xoxé Lois González, autor da viñeta “O Carrabouxo” e medalla Castelao en 2008, ofreceu unha

animada charla. Mariña Sánchez, de Canle Cultura, poeta e activista literaria leu os seus poemas. Tamén actuaron Avelino Jácome, director da revista Nós, a Xente do Redor e María González Méndez, vicepresidenta do Círculo Poético Ourenseño. Participaron os acordeonistas Maxi e Óscar, e Antonia Blandes e Fina Rodríguez Cruz ofreceron un recital. Agustín Lorenzo Fidalgo presentou os seus libros e actuou a Coral Albor



O pintor Leonardo Pereira, segundo pola dereita, con membros da directiva Albor.

e as Pandereteiras. A Escola Bieito Blanco ofreceu un concerto de acordeóns e actuou o

grupo musical Cocoliches. Durante os sete días celebráronse torneos de cartas.



Fonte do Viño

Rexóns. Lacón asado.
Carne ó caldeiro. Orella.
Hamburguesas con
queixo de cabra.
Petiscos fríos e quentes.

Rúa Greco, 4. 655 09 28 55. O COUTO. Ourense



TABERNA A LAREIRA

Churrasco. Parrillada. Polbo.
Tfno 617 64 93 88.

Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.



acouBAR

Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE



BAR FUENTEFRÍA

Callos
Empanadas
Afumados
Carnes
Queixos
Ensaladas
Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

OURENSE

Raigame acolleu a persoas de Zamora, León, Asturias e Portugal

A romaría etnográfica Raigame celebrou a súa 21 edición que puxo en marcha a Deputación a través do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, o Concello de Celanova e a veciñanza de Vilanova dos Infantes, a quen Luís Menor felicitou, “pois a meirande parte do éxito desta festa é grazas a vós”. O presidente da Deputación reivindicou que “debemos facer en-

tre todos que Raigame sexa o eixo central de todas as celebracións do Día das Letras Galegas en Galicia”. Menor definiu a Raigame como “un dos tesouros etnográficos da nosa provincia e, como tal, desde a Deputación mimamos esta cita como se merece, sendo un fiel reflexo da idiosincrasia galega, un xeito diferente para nos sentir orgullosos da nosa lingua, da

nosa cultura e da nosa tradición”. Tamén animou aos asistentes “a disfrutar, viaxando no tempo”, cun protagonismo destacado para os doces, xa que este ano a organización adícalle a romaría a unha actividade ou oficio con raíces na cultura popular: a Repostería, “cun especial recordo para “As isolíñas” e os seus bolos que tanto se lembran en Celanova”.



Raigame “é o eixo central de todas as celebracións do Día das Letras Galegas”, segundo Luís Menor.

Casa do maior no Concello da Teixeira

O director xeral de Maiores e Atención Socio-sanitaria, visitou a casa do maior ‘Agarimo’, situada no Concello da Teixeira, na que os seus usuarios reciben unha atención personalizada preto das súas vivendas. Antón Acevedo destacou a importancia destes servizos para garantir uns coidados de calidade e gratuítos aos maiores que residen no rural.

Esta visita coincidiu coa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) da orde de axudas para a creación de vinte novas casas do maior. A Xunta destina



Antón Acevedo, cuarto pola esquerda, con veciños da Teixeira.

1,3 millóns de euros a esta convocatoria que permitirá a posta en funcionamento de 100 prazas 100% gratuítas para persoas maio-

res de 60 anos que viven en concellos de menos de 5.600 habitantes que non contan con servizos de atención diúrna.

Alfonso Junco viaxou de Dakar a Pereiro de Aguiar en bicicleta

Alfonso Junco, de 56 anos, culminou o seu periplo en bicicleta desde Dakar ao Pereiro de Aguiar, a súa vila natal, tras cubrir máis de 3.400 quilómetros por Senegal, Mauritania, Sahara Occidental, Marrocos e cruzar o Estreito en Ferry e a Vía da Prata. Foi o seu terceiro reto de longa distancia. Primeiro realizou todo o contorno da Península Ibérica e noutra ocasión percorreu máis de 4.000 quilómetros que separan O Pereiro da cidade turca de Istambul.





**Café
Druida**

Especialidade
en licor café
e combinados

Praza Maior, 8
Ourense



BAR ORELLAS

Orella, rabo,
lacón, cachucha
e polbo cocido
e prensado.
Lomo, chourizo,
salchichón
e marcón ibérico.
Queixo manchego
e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE



ALPENDRE PULPO

Tapas, revoltos, montados.

Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE



**TAPERÍA
a barbería**

Especialidade en comidas caseiras

988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

Ourense estará de festas do 19 ao 23 de xuño

Ourense celebrará as festas da cidade desde o mércores día 19 ao domingo 23 de xuño organizadas polo Concello. Está contratadas as orquestras Assia, Função Pública, Costa Verde, América, Panorama e Combo Dominicano. Abrirase o mercado medieval en Casco Vello e as atraccións infantís en Parque Barbaña.

O goberno municipal aposta por manter o formato de festas con programación que denomina “compacta”, concentrando as actividades en cinco días, e facendo coincidir o seu inicio co final do curso escolar, cando a infancia e a mocidade comezan as súas vacacións.

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, anunciou as datas das festas da cidade que, por terceiro ano consecutivo, terán un formato compacto, e ligarán o seu inicio ao fin de curso escolar. Entende o goberno municipal que este modelo resulta “moito máis atractivo e operativo, e está a alcanzar un éxito tremendo”, dada a gran participación por parte do público.

A Concellería de Artes e Fes-



As atraccións para a rapazada estarán no Parque Barbaña.

texos traballa na planificación da programación de actividades. O mercado medieval é unha das celebracións xa confirmadas da programación festiva, xunto coa presenza das tradicionais atraccións de feira, e as actuacións de orquestras, para as que o Concello contará co “Big Four” de Galicia, é dicir, o catro máis grandes orquestras de Galicia. As celebracións, como todos os anos, finalizarán coa tradicional tirada de fogos artificiais, ao rematar o domingo, 23 de xuño, na noite de San Xoan.

Corpus

Estas festas celebrábanse no

século XX con motivo do Corpus e denominábanse Festas de Corpus con inclusión de actos relixiosos na catedral. O xoves de Corpus se concelebrada misa solemnísimase seguida da procesión, con participación de todas as parroquias da cidade.

Na Alameda había verbenas e nos salóns sociais, bailes populares. No campo da Lonia desenvolvíanse actividades deportivas e organizábanse certames de bandas de música, bailes rexionais e concertos de corais. Había “Batalla de Flores” con carrozas e automóbiles adornados, que desfilaban á tardiña pola rúa do Progreso.

Catrocentos anos do santuario das Ermidas no Bolo



O director xeral de turismo no santuario das Ermidas.

Xosé Merelles, director de Turismo de Galicia, participou na xornada de conferencias ‘400 anos das Ermidas: Historia dun Santuario’, onde puxo en valor “a relevancia deste tipo de elementos patrimoniais de Galicia” e de Ourense, en particular.

Merelles referiuse á participación autonómica na recuperación paisaxística do contorno do Castelo do Bolo, á rehabilitación do Muíño Hidroeléctrico nas Ermitas, ao impulso dado ao Camiño de Inverno, e á sinalización dos miradoiros desde os que poder gozar das excelencias paisaxísticas do Concello do Bolo. Lembrou que se ten investido máis de medio millón de euros na promoción dos xeo-destinos Trevinca-Valdeorras e

Manzaneda-Trevinca e o Plan de Sustentabilidade Turística para a comarca de Valdeorras por 1,5 millóns de euros dentro do Plan de Enogastronomía deseñado pola Xunta con fondos europeos.

Respecto da xornada ‘400 anos das Ermidas: Historia dun Santuario’, subliñou que “non só serve para conmemorar a presenza ao longo dos séculos de institucións ou edificios coma o Santuario das Ermidas, senón que tamén contribúen a espallar a cultura e a identidade do noso pobo”. Tivo palabras de recordo para o historiador Antonio Castro Voces, a quen se homenaxeou durante o encontro. “Antonio foi todo un exemplo de vida dedicada ao estudo e divulgación destas terras”, sentenciou.



**21 e 22 de xuño
noites de conxuro**

Las Tapitas de Marian

Empanada de maíz.
Arroz con zamburiñas. Ensaladas. Tarta de Allariz.

Rúa Lepanto, 19 . Tfno. 622 70 90 45 . OURENSE



Capricho

Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - bajo - OURENSE

Tfno. 988 981 601



OTRESTO

**RÚA LEPANTO, 10.
OURENSE**



Torremolinos
café - bar

Marcelo Macías, 35
Tlf. 988 231 107
OURENSE

CONDADO/PARADANTA

Arbo impulsa o comercio local

Ao abeiro da campaña "Da túa Man" promovida pola Deputación de Pontevedra, o Concello impulsa a sustentabilidade e a economía circular coa entrega aos comercios e aos praceiros e praceiras de bolsas de tela e bolsas reciclables que os comerciantes distribúan entre os seus compradores e compradoras. Outras iniciativas serán a instalación de illas ecolóxicas con contedores e de dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais, a instalación de sinalética integrada e diferentes accións formativas.

Por outra banda, o Concello únese á campaña "Quere o teu mercado", promovida pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia en colaboración cos Concellos e as



Prazas de Abastos, co obxectivo de destacar o papel dos mercados e potenciar a compra do produto local, ademáis de ensalzar a profesionalidade dos nosos praceiros e praceiras. A campaña deu co-

mezo ó 10 de maio e se prolonga ata ó 15 de xuño co concurso Ven a Praza e Gaña, no que se sortea entre os compradores e compradoras do Mercado, tres vales de compra.

XIX edición dos Premios de Educación de Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño vén de convocar ós XIX Premios de Educación 2023/2024 unha iniciativa pioneira que naceu da interacción e colaboración entre os Centros Educativos do Municipio e o Concello.

Para esta convocatoria como en edición anteriores toman parte o alumnado do Instituto de Educación Secundaria e dos tres Centros de Educación Primaria de Salvaterra de Miño (CEIP Infante Felipe, CEIP de Leirado e CEP Carlos Casares), en todos os seus finais de etapa e establécense como premios:

Catorce lotes informáticos compostos por unha Tablet con funda e memoria micro SD 64gb, para alumnado do 2º Ciclo Formativo de Grao Medio de Caldei-



rería e Soldadura, FP básica, 4º da ESO do IES Salvaterra así como para alumnado de 6ª de Primaria de cada un dos tres centros educativos de Primaria do Concello.

Para o alumnado de 2º de Ba-

charelato concederanse tres bolsas de estudos que consistirán nunha viaxe de tres semanas a Reino Unido durante o verán, na localidade de Worthing (costa sur do país) para perfeccionar a lingua inglesa.

Melloras nos accesos de Vilanova (Barcela)

O Concello de Arbo iniciou o expediente de contratación para executar obras de mellora nos accesos ao núcleo de Vilanova (Barcela), incluídas no Plan de Mellora de Camiños Rurais de AGADER 2023-2024 por un orzamento de execución de 55.292,16 €.

As obras cumpren coa normativa urbanística descrita no PXOM, non requiren de autori-



zacións sectoriais e non se contempla a ocupación de terreos de titularidade privada; a totalidade da obra farase en terreo de titularidade municipal.

Declaración da Renda 2023 para maiores de 65 anos

O Alcalde de Arbo Horacio Gil asinou un convenio de colaboración coa Axencia Estatal de Administración Tributaria para que os veciños e veciñas maiores de 65 anos

presenten a declaración da Renda correspondente ao exercizo 2023.

Os beneficiados serán atendidos por persoal da Axencia Tributaria mediante videoasistencia na Casa Consistorial.

Premios "Letras Galegas 2024" na Cañiza

O Alcalde Luis Piña, acompañado do Concelleiro de Cultura Rubén Muiños, fixo entrega no Salón de Plenos da Casa Consistorial dos diplomas e premios aos catro concursantes gañadores do XXV Concurso de Poesía e do XXIII Concurso de Relatos, convocados polo Concello.

Os premiados foron: XXV Concurso de poesía: Categoría 6 a 12 anos, con 120€ e diploma: Diana Lomba Álvarez, co poema "O mar azul"; Categoría 13 a 17 anos, con 120€ e diploma: Iria Fernández Giráldez, co poema "No mar"



XXIII Concurso de relatos: Categoría 6 a 12 anos, con 120€ e diploma: Hugo Rey Crespo, co poema "O libro máxico"; Categoría 13 a 17 anos, con 120€ e diploma: Álvaro Machado Puga co poema "Unha vida que non afunda"

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES

TODOS TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

III edición do Programa Xuntas

Arrancou a terceira edición do Programa Xuntas dirixido a un público estimado de 70 mulleres de Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas e As Neves con 200 horas de actividades, formación e asesoramento especializado e individualizado para todas as participantes completamente de balde e de xeito equitativo nos tres Concellos.

O Programa execútase mediante o sistema de xestión compartida no que haberá unha Escola de Benestar e Saúde, un Servizo de Asesoramento Xurídico, Psicolóxico e Laboral, actividades de empoderamento en cafés debate, iniciativas sobre cómo falar en público,



plans de aforro, uso das redes sociais, cómo abordar situacións de violencia de xénero, sensibilización sobre o cambio climático e obradoiros de emprego, entre outros.

Licitada a construción da EDAR do río Mendo

Xunta de Galicia acaba de licitar por un orzamento de 1.921.242,48 euros, IVE incluído, as obras para construír unha estación depuradora de augas residuais (EDAR) no río Mendo co fin de mellorar as actuais infraestruturas de saneamento do concello pontevedrés de Salvaterra de Miño. Actuación cofinan-

ciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), na que a Xunta asume o 90% do seu custe.

Cun prazo de execución de 18 meses, a futura instalación hidráulica está deseñada para aguantar un caudal horario punta de 118,00 m3/h, correspondente aos

2.310 habitantes esperados no horizonte do ano 2040.

Ademais da nova EDAR, os traballos licitados comprenden tamén outras actuacións como a construción dun colector de conexión á rede da parroquia de Oleiros, un pozo de bombeo ou un colector-emisario para o vertido do efluente xa depurado ao río Miño.

Obradoiro "Muller Activa"

O Concello de Salvaterra de Miño continúa coa programación de actividades para mulleres dentro das accións planificadas pola Concellería de Igualdade e enmarcadas na subvención do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade.

Nesta ocasión lanza Muller Activa, un programa de actividades ó aire libre no Espazo Termal de Teáns Oleiros dirixido a mulleres o cal se levará a

cabo en dúas xornadas. A primeira o 8 de xuño será de ioga e hipopresivos e a segunda o 15 de xuño un entreno de forza e zumba. Nas dúas xornadas haberá tres grupos que desenvolverán a actividade nas seguintes horas: 10:00, 11:10 e 12:20 horas da mañá. O curso é gratuíto e será obrigatorio levar esterilla. En abril o Concello organizou un curso de defensa personal para mulleres e un obradoiro de Mindfulness durante o mes de maio



XVI edición do Festival da Sementeira



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, destacou a importancia de festas como a da Sementeira e da Música pola súa contribución a enriquecer a oferta cultural e turística das Rías Baixas. O mandatario provincial asistiu á lectura do pregon, que correu a cargo do ac-

tor David Perdomo, e percorreu a área recreativa do Muíño da Ponte, na localidade de Corzóns.

O acto serviu para pór en valor o traballo do Concello e da Asociación Cultural Quinta do Piñeiro pola organización das 16 edicións da festa da Sementeira.

Campus de Conciliación de Verán

O Concello de Salvaterra deu inicio aos trámites de inscrición do Campus de Conciliación de Verán, actividade dirixida ós nenos e nenas nados entre o 2012 e o 2020 que se realizará no CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón durante os meses de xu-

llo e agosto. O Concello pon a disposición dos seus veciños máis de 200 prazas en catro quendas. Terase en conta a orde de entrada por rexistro e terán prioridade aquelas familias que os pais e nais traballen nese horario e tamén as familias monoparentais.

Arbo contra o Alzheimer

O Auditorio do Centro Multitiosos de Arbo acolleu este 30 de maio un curso formativo sobre a enfermidade do alzheimer, a iniciativa da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras

Demencias de Galicia (AFAGA) O obxectivo é dotar ás persoas coadoras e familiares de persoas afectadas pola enfermidade de Alzheimer e outras demencias de coñecementos que permitan mellorar a súa calidade de vida.

El Rincón de Mary

SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

Agrícola "A Sementeira"

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Telfs: 986 65 93 94 - 606 74 50 09
c/ Rúa Galicia, 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIAS)

MARANTÍA SEGUROS

Telf: 986 659 101
pino.rodriguez@occident.com
Rúa Curros Enríquez 4, baixo 3
SALVATERRA DE MIÑO

BAIXO MIÑO

TUI

A licitación os 20 postos do Mercado de Abastos

O Concello de Tui vén de sacar a licitación os 20 postos do Mercado de Abastos por un período de 15 anos. O prazo de recepción de propostas rematou o 29 de maio. Dos 20 postos que saen a licitación 7 serán destinados a peixería, 3 a carnicería, 2 a froita e verdura, 2 a alimentación xeral, 2 a florería, 1 a alimentación e produtos conxelados, 1 a alimentación gourmet, 1 a panadería, e 1 a espazo gastronómico. A superficie dos mesmos oscila entre os 89,6 m2 do espazo gastronómico, e os 15,7 de dúas peixerías. O canón mínimo que deberán aboar as persoas adxudicatarias



polos 15 anos de concesión será de 250 € por metro cadrado do posto. O pago poderase realizar anualmente aboando 1/15 do importe total. O investimento que se está a realizar nesta reforma acada o 1,3 millóns€ financiadas nun 80% con fondos europeos Next Generation.

XXV Feira do Libro Galego

Este 25 de maio, o Paseo da Corredoira acolleu unha nova edición da “Feira do Libro Galego” que dende hai 25 edicións achega a produción editorial galega á veciñanza e lectores. Este ano as librerías locais, Librería Iris e Librería Nobel, ocuparan 15 stands onde mostrarán as novidades tanto literarias como de non ficción para nenos, mozos e adultos, cun desconto do 10%. A programación contou con diversas actividades de animación nas que participaron Alfonso Ferreira, os músicos Magín Blanco e Pablo Vidal, o espectáculo infantil de MariFaltri e homenaxes



a Luísa Villalta polo Día das Letras Galegas. Esta iniciativa conta coa colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra.

Obras na ponte sobre o río Cotarel



Deron comezo ás obras de construción da ponte sobre o río Cotarel que une as parroquias de Randufe e Pazos de Reis. Estes tramo da estrada vírase afectada polas intensas choivas de xaneiro de 2023, obrigando a cortar o tráfico rodado. Dende

hoxe, debido ao comezo das obras, tamén se corta o tránsito peonil. O proxecto foi redactado pola empresa tudense de Enxeñería Técnica de Obras Públicas M3G PROYECTOS S.L. O importe é de 192.508,12 €, financiado o 75% polo Concello de Tui.

Actualización de prezos na Radio Municipal

A actualización dos prezos da publicidade na emisora municipal e a incorporación das persoas voluntarias na radio ao Programa de Voluntariado Municipal foron dous dos acordos tomados a semana pasada no Consello de Goberno da Radio Municipal de Tui. O obxectivo é actualizar os prezos xa que a actual ordenanza é de 2006. Esta modificación, aprobada no Consello, trasladarase agora aos departamentos de Interven-



ción e Tesouraría para que continúen coa redacción dunha nova ordenanza que substitúa á vixente.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

TUI

Tui acolle o IV Congreso EDUCODS 2030

A directora do Colexio plurilingüe do CEIP N° 1 de Tui, Nuria Garabal presentou a programación do 4º Congreso EDUCODS 2030 acompañada polo seu equipo directivo así como o alcalde da localidade tudense, Enrique Cabaleiro e o xefe territorial de educación en Pontevedra, César Pérez Ares. Nesta edición o congreso pasa a ocupar o céntrico Paseo da Corredoira de Tui, acercando os diferentes proxectos escolares á cidadanía.

O Congreso contará coa presenza de 19 centros escolares: IES Valadares, IES San Paio, CEIP da Ribeira, CEIP Pazos de Reis, CEIP N°2, IES Indalecio Pérez Tizón, CPR Santa María de Tui (Maristas), Seminario Menor de Tui, CEIP Pedro Caselles, CEIP Coutada Beade, CEE Panxón, CRA



Mestra Clara Torres, CEIP da Cruz, CEIP Martínez Alonso, Aceasca, CEIP Balaidos, CEIP Antonio Fernández, CPR Monterrey que xunto co CEIP N°1 de Tui que actúa como anfitrión, acercarán a cidade de Tui máis de 1.000 alumnos e alumnas durante os catro días que dura o congreso.

Ademais o Congreso contará con persoas destacadas no eido educativo como: Betina Represas, Raúl Bermejo, José Ramón Lago ou Carmen Vaz...entre outros. E tamén habrá lugar para a cultura coas actuacións da Escola da Banda de Música popular de Tui ou o Coro de Pazos de Reis.

O concerto de Las Antonias pechará musicalmente a xornada “Orgullo e punto”

Últímanse os detalles para “Orgullo e punto” a xornada que terá lugar este sábado, 1 de xuño, dende ás 10.30 h, na Alameda de San Domingos de Tui que estará chea de creatividade, diversidade, inclusión... e que vai dirixida a toda a familia. A organización corresponde ao Concello de Tui e TejeTui.

Persoas de toda Galicia achegaranse a esta cita que ten o seu un punto de encontro na actividade de tecer, con espazos creados neste entorno natural á beira do Miño para dar renda solta á creatividade. Pero haberá oco tamén para continuar aprendendo cos talleres de calcetíns preciosos con MyR, de bolso brilli-brilli con Ay Carmela, de carteira wow bargello con Simedalana, a masterclass de Lanolina Knits de bordado sobre prendas de puntos. Tamén se contará cun punto interactivo cunha demostración da técnica do fuso no posto de Hilokune Logano, e outro para realizar un “chaveiro orgulloso” a crochet no posto de Cucapuntos. E os máis pequenos poderán iniciar nesta actividade cos talleres infantís para a elaboración dun cestiño de lá con Madejas Tejerlo.

Amais haberá contacontos sobre diversidade con Isabel Porto



e A Fada do Aloia. Participará no evento o Profesor Woky cun espectáculo de maxia, haberá un obradoiro de corrección postural a hora de tecer a cargo da osteópata María Rosa Lorenzo, e tamén se realizarán sorteos... Na xornada haberá unha feira con 15 postos de venda de produtos relacionados coa arte de tecer e a diversidade. Trátase de mercerías, tiendas de lá e obradoiros artesanís do sector que forman parte da comunidade de TejeTui.

Non faltará un Espazo Gastronómico no que estará presente a foodtruck Ruta 82, e os postos de Vionkas e Milo Pulpeiros.

A música será protagonista ao longo da xornada coa actuación

ao mediodía do artista Nuno Louro que interpretará versións de Guns N’Roses, Bryan Adams, Eagles, ou Cold Play, entre outros.

Pechará a xornada o concerto de Las Antonias, a banda galega formada por Ana Lee, Elena García-Fresca, Marina Gundín, Raquel Huete, Lorena do Vinteún, e Marta Figueiredo. Presentarán o seu novo espectáculo “Boleros y Otras Delicias” no que dan novas letras a melodías antolóxicas falando dunha sociedade máis inclusiva e respectuosa.

Así a Alameda de San Domingos será este sábado un espazo diverso e respectuoso, promovendo a convivencia e igualdade para todas as idades cun amplo programa.

Innovación educativa no CRA Mestra Clara Torres



O CRA Mestra Clara Torres aposta por unha metodoloxía innovadora de aprendizaxe con traballo por proxectos para os nenos e nenas de entre 3 e 6 anos que se escolaricen na súa contorna máis próxima creando comunidade e abrindo as aulas á participación

das familias.

O CRA continuará desenvolvendo o seu proxecto educativo o próximo curso 2024/25 nas cinco aulas que ten ao longo do termo municipal en Areas, Baldráns, Guillarei, Pexegueiro e Ribadelouro.

Cursos de Dixitalización Aplicada

O Centro de Formación do Concello de Tui, en Guillarei, vai acoller un curso de “Dixitalización Aplicada”. Haberá varias quendas, en horario de mañá e tarde, entre os meses de xuño e novembro. As clases serán de luns a venres de 9.30 a 13.30 h para os grupos de mañá, e de 16 a 19 h para os da quenda de tarde.

Ao longo de 30 horas lectivas as persoas participantes aprenderán Tecnoloxías Habilitadoras Dixitais, Información e Alfabetización Dixital, Comunicación e Colaboración en liña, Creación de Contidos Dixitais, Seguridade na rede e Resolución de Problemas.

A participación é gratuíta e as prazas son limitadas.

I Encontro Nacional de Arqueiros da Red de Juderías

O técnico de arquivo do Concello de Tui, Rafael Sánchez Bargiela, participou no I Encontro de Arqueiros da Red de Juderías de España – Caminos de Sefarad os días 28 e 29 de maio na cidade de Plasencia.

Bargiela participou co seu relatorio sobre “O descubrimento dos sambenitos de Tui” coa

finalidade de promover o coñecemento deste importante conxunto patrimonial que conforma a colección de Sambenitos da Catedral de Tui que testemuñan a presenza de importantes comunidades de cripto-xudíos no territorio do río Miño nos séculos XVI e XVII e a persecución que sufriron pola Inquisición.

Rutas de Natureza no Aloia

O Concello de Tui, dentro do programa Rutas de Natureza, realizou este 1 de xuño unha ruta guiada de Senda Botánica para descubrir os encantos do Parque Natural Monte Aloia da man da Fada do Aloia.



BAIXO MIÑO

Caminha, A Guarda e O Rosal sentan as bases da futura Eurocidade

O presidente da Cámara Municipal de Caminha, Rui Lages, o concelleiro da Guarda Isidro Lomba e a Alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández Callís, mantiveron un encontro en Caminha para definir mediante un primeiro documento os puntos esenciais da Declaración de Interese para a creación da futura Eurocidade que reunirá aos tres municipios de ambas as dúas marxes do esteiro do Miño.

A redacción definitiva deberá ser aínda aprobada por los órganos municipais de cada localidade, así como pola Xunta de Galicia e pola Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte (CCDR N) de Portugal. O documento está dividido en catro puntos: o obxecto da futura Eurocidade; os obxectivos da Declaración; as áreas de intervención, que abranguen Cultura, Deporte, Turismo, Desenvolvemento Municipal, Recursos



Humanos, Educación, Política Social, Medio Ambiente e Gastronomía, entre outros; e finalmente as finalidades da futura Eurocidade, desde a análise de asuntos de interese común ata intercambio de misións empresariais; información, cultural, deportivo, técnico, de documentación, formación de recursos humanos, promoción turística e fomento de formas de relación entre axentes, estruturas e entidades públicas e privadas.

INTERREG premia á Eurocidade Cerveira-Tomiño

Interreg acaba de conceder o premio Cooperation Day 2023 ao programa de España-Portugal (POCTEP) e á Eurocidade Cerveira-Tomiño por organizar o maior evento a nivel europeo para conmemorar a cooperación entre territorios, con máis de un milleiro de participantes.

O galardón, na categoría de Maior Evento Local, premia así a orixinalidade dun evento que tivo unha grande afluencia de participantes nunha actividade que buscaba subliñar o potencial e a riqueza cultural dun territorio transfronteirizo común.

A Eurocidade Cerveira-Tomiño organizou accións de divulgación



en 10 centros educativos de ambas as dúas beiras do Miño, nos que a mascota Mizi entregou ao alumnado de entre 6 e 12 anos a guía turística ilustrada 'A pequena gran historia - Eurocidade Cerveira-

Tomiño'. Dun xeito divertido a rapazada achegouse a este destino familiar que aproveita as potencialidades naturais, patrimoniais, culturais e de lecer a prol dunha experiencia realmente única.

A Guarda contrata a 12 persoas desempregadas



O Concello da Guarda reforzou a plantilla de persoal durante este 2024 gracias á subvención do Plan mais Provincia, activación do emprego. O programa ten como finalidade a contratación de traballadores desempregados para reforzar os servizos municipais.

A axuda recibida da Deputación de Pontevedra ascende cuantía total de 171.520,17 € para sufragar os gastos de salario e seguridade social da contratación de 12 traballadores para os seguintes servizos: 11 peóns limpadores, 8 meses; 1 ordenanza 6 meses.

Visitas guiadas ao Castro de Santa Trega

O Concello da Guarda anunciou a apertura de inscricións para as visitas guiadas ao Monte de Santa Trega entre os meses de xuño e setembro, tanto para grupos e escolares como para interesados. Estas visitas non precisan reserva previa e son gratuítas pero aqueles que accedan ao Monte Santa Trega en vehículo deberán abonar o prezo público.

A novidade desta temporada é a visita nocturna de Historias e petróglifos que se realizará cada martes dos meses de xullo e agosto.



to. A proposta é dar a coñecer as lendas e historias percorrendo a área norte do castro e que incluírá a visita ao petróglifo Laxe Sagrada

e mapa. No verán de 2023 superáronse as 4.000 persoas que realizaron a visita guiada centrada no Castro de Santa Trega.

Tomiño aplica normativa contra residuos

No marco da súa campaña para fomentar o depósito correcto de residuos entre a veciñanza e loitar contra as malas prácticas no desbote de voluminosos e as verteduras incontroladas de lixo, o Concello impuxo un total de seis sancións por diferentes causas tras abrir as investigacións pertinentes.

Con cada depósito irregular atopado, o Concello inicia unha investigación para detectar ás persoas que cometen as infraccións e que poden supoñer multas de ata 3.000 euros. Dende o ano 2022 o Concello puxo ata seis sancións por diferentes causas. As multas foron dende os 100 euros por depositar no con-



tedor de restos residuos que deberían estar noutras faccións ata os 300 euros por depositar cartóns e plásticos no chan a carón dos colectores en lugar de no seu interior.

Cross Escolar de Pedornes

O Cross Escolar de Pedornes en Oia celebrará a súa XIII edición este 8 de xuño, con diferentes categorías e distancias adaptadas segundo a idade dos menores que

desexen participar. Especificamente orientada para a rapazada do Baixo Miño e Val Miñor, contará con opcións de percorridos que van desde os 100 metros, para os máis pequenos, ata os

1,7km. O evento de carácter grauíto é organizado polo Concello de Oia, o club Cornelios e a Comisión de Festas de Pedornes, e coa colaboración de Deporte Gallego da Xunta de Galicia.

Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño visitou Italia

Unha delegación composta por alcaldesas, alcaldes, edís e técnicos do Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño percorre a rexión de Emilia-Romaña, en Italia, para coñecer de primeira man experiencias de desenvolvemento económico, turístico e social nunha zona vitivinícola de gran parecido con Galicia. Nesta visita de estudo participan autoridades dos 14 concellos que conforman o Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño, como a alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández Callís, e a concelleira rosaleira Beatriz Rodríguez; o alcalde de Gondomar, Paco Ferreira; o rexedor de Pazos de Borbén, Luciano Otero; e o rexedor de Tui, Enrique Cabaleiro; así como os edís Sheila González, de Baiona; Rocío Goberna, de Gondomar; Leo Costas e Julia Loureiro, de Mos; Silvia



Cernadas, de Soutomaior; e Ana Núñez, de Tui. A visita comezou en Ziano Piacentino para coñecer o plan de acción do Grupo de Acción Local do Ducato, o Consorcio DOP do Salumi Piacentini, as rutas do viño do outeiro Piacentini e unha visita guiada pola adega de Mossi de Marco Profumo. Tamén estiveron na fábrica de xamóns Galloni, o Museo do Tomate e da Pasta e o Museo do Viño, a fortaleza de Rocca San Vitale en Sala Baganza. Finalmente desprazáronse a Bardi, en Parma, para coñecer a Azienda Agricola Brugnoli e reunirse cos operadores do Parmigiano Reggiano e representantes do Consorzio do Parmigiano-Reggiano.

O Rosal abre en setembro o seu conservatorio de música

O Rosal contará cun conservatorio profesional de música o vindeiro curso. A Agrupación Musical do Rosal, a Consellería de Educación vén de autorizar a apertura e posta en marcha dun Centro de Música Profesional no municipio que permitirá a rosaleiros e rosaleiras continuar cos seus estudos musicais sen ter que desprazarse ata Vigo ou Tui para continuar a súa formación. O conservatorio abrirá as súas portas o 1 de setembro como centro privado conducido pola Agrupación Musical do Rosal, que leva anos traballando de forma incansable para que esta iniciativa se materialice e poder promover



así a educación musical de calidade e accesible entre as novas xeracións nun concello cunha longa tradición de músicos e músicas. Dende o Concello quérese trasladar os parabéns á Agrupación Musical do Rosal por acadar este logro que supón un fito histórico na oferta educativa rosaleira e que responde á crecente demanda de formación musical especializada na contorna.

Nigrán terá pista de surf skate na praia de Patos

A Deputación de Pontevedra aprobou unha axuda ao Concello de Nigrán, por valor de preto de 40.000 euros, coa que poderá facer fronte á dotación dunha pista de surf skate que se instalará na contorna da praia de Patos grazas ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación. A pista estará deseñada en forma de anel pechado para o

seu uso simultáneo por parte de varios usuarios, cun lado recto con curva de 2,4 e 7 metros e outro máis sinuoso con curvas de 2,4 e 2,4 metros, de carácter máis técnico. Toda a instalación construírse en asfalto e toda a zona de rodadura e mais as plataformas terán transicións curvas de xeito que os movementos sexan continuos e fluídos.

Oia acolleu o Primeiro Campionato Galego de Parapente Precisión



Oia acolleu o 25 e 26 de maio o I Campionato Galego de Parapente Precisión, organizado polo Club Planeamos co apoio da Federación Galega de Aeronáutica (FAG) e a colaboración do Concello. Contou con dúas categorías de voo monopraza, unha xeral e outra feminina. As persoas participantes despegaron desde o alto da montaña,

na zona noroeste, e dirixíronse cara a diana situada na Estrada Vella, preto do Mosteiro de Oia. Os premiados foron na categoría Xeral: 1.-Xulio Villarino (Club Parapente Ferrol); 2.-Diego Jalda (Club Parapente La Térmica); 3.-Diego Pimentel (Club Nortada) Na categoría Feminina foron galardoadas Vanessa Feal (Club Parapente Ferrol) e Mela Rodríguez (Club Parapente Ferrol).

Máis información na nosa web www.novasdoeixoatlantico.com



GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61





Óptica mahen

Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS


rúa senén canido, 4

MISCELANEA

China e Galicia exploran oportunidades de negocios

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, mantivo na Coruña un encontro co embaixador da República Popular China en España, Yao Jing, no que avaliaron diferentes medidas para reforzar as relacións económicas entre Galicia e o país asiático, as posibilidades de novas oportunidades de negocio para as empresas galegas na China como a atracción de investimentos cara á Comunidade, na que xa están implantadas compañías chinesas do ámbito da metalurxia e o sector conserveiro, entre outros.

Debe destacarse que as exportacións das empresas galegas a China alcanzaron en 2023 un total de 234 millóns de euros, rexistrando un crecemento de pre-



to dun 25% desde o ano 2020, grazas ás achegas de sectores como o agroalimentario e os produtos do mar ou as industrias químicas. Por outra banda, xa existen varias empresas galegas

establecidas desde hai décadas en China, onde o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) conta cunha antena comercial, e espérase un aumento de visitas comerciais bilaterais por realizar.

Alcaldes galegos supervisan proxectos en Guiné-Bissau

Unha delegación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade chegou a Guinea-Bissau para supervisar os proxectos apoiados no país lusófono en materia de saúde e obtención de auga potable.

O presidente da entidade e alcalde de Nigrán, Juan González; o vicepresidente e edil de Cartelle, Daniel Fernández, e mais o vogal e alcalde de Cuntis, Manuel Campos, acompañados por unha responsable técnica, aproveitaron tamén para fortalecer a colaboración goberno da Rexión de Cacheu, socio local nos cinco proxectos financiados cun total de 72.000 euros.

A delegación do Fondo Galego reuniuse coas autoridades tanto



de Cacheu como de distintos sectores administrativos nos que se estrutura a rexión. Visitaron o Parque Natural dos Tarrafes do Río Cacheu, onde a comitiva coñeceu o programa de reforestación dos mangleiros. Tamén estiveron na Illa de Pecixe, onde se desenvolveron os tres pro-

xectos para a dotación de auga potable que benefician a máis de 550 familias que viven practicamente illadas nas comunidades de Cassaca, Reno e Pessangue. A visita incluíu xuntanzas con representantes do goberno central e da Embaixada de España en Guinea-Bissau.

II Día da Literatura cabo-verdiana en Burela

A iniciativa educativa Modelo Burela, en funcionamento continuado desde 2003, celebrará o vindeiro 11 de xuño a II edición do Día da Literatura Cabo-verdiana no Instituto Perdouro para facer unha lectura continuada da obra Siríaco e Mr. Charles, do autor cabo-verdiano Joaquim Arena, editada en 2022. A obra escolida relata unha improvável amizade que decorre na ilha de Santiago, Cabo Verde, entre o jovem Charles Darwin e Si-



ríaco, um velho negro, ex-es-

cravo, que sofre de vitiligo.

Zona Franca premia a excelencia empresarial galega



A 5ª edición dos Premios Ardan da Zona Franca en Vigo recoñeceu a Excelencia de catorce empresas galegas. Máis de 400 representantes do mundo empresarial, económico, social e político, completaron o aforo do Auditorio Mar de Vigo. Os Premios foron outorgados a 13 empresas galegas que obtiveron 4 e 5 indicadores Ardán.

Este ano ademais entregouse un premio especial ao grupo Zendal Health S.L en recoñece-

mento á súa traxectoria empresarial no ámbito do benestar social e da saúde. Os galardoados foron: Compañía Española de Algas Mariñas S.A (CEAMSA), Hermasa Canning Technology S.A, Corporación Hijos de Rivera S.L, Cuvida S.A, Igalia S.L, Jim Sports Technology S.L, Nova Galimplant S.L, Optar Solutions S.L, Reganosa Servizos S.L, Rodicut Industry S.A, Servizos Gráficos Arteixo S.L, Teimas Global S.L, e Torus Software Solutions S.L.

AVE Lisboa-Porto-Vigo para o 2032



O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, mantivo un encontro co ministro de Infraestruturas de Portugal, Miguel Pinto, no que puido ratificar co Goberno portugués a prioridade da conexión de alta velocidade Lisboa-Porto-Vigo para o país luso

prevista inicialmente para o ano 2032.

Rueda aproveitou para pedirlle ao Goberno español que cumpra cos seus compromisos na destinación dos fondos europeos para poder compatibilizar os avances a ambos os dous lados da fronteira.

Vigo celebra o Día de Portugal

Com motivo do Día de Camões, a Associação Impulsora da Casa da Lusofonia anuncia a celebración, por segundo ano, de uma antiga tradição existente na cidade de Vigo de oferta floral na está-

tua de Luis de Camões sita na praça de Portugal. O ato correrá a partir das 20:00 horas no día 10 junho, segunda-feira. Na mesma será interpretado o hino nacional por um conjunto de vozes corais.

A RAG celebra a Luísa Villalta no Día das Letras Galegas

A amizade ten flor que rebenta as paredes, / sobrevive da podremia mutua / e só precisa das fiestras abertas, escribiu Luísa Villalta (1957-2004) en Papagaio. Estes versos do seu libro final, no que lle puxo palabras á crónica fotográfica de Maribel Longueira sobre o derrubamento do barrio da prostitución da Coruña, soaron na voz da académica Ana Román no comezo do pleno extraordinario que a Real Academia Galega celebrou co gallo do Día das Letras Galegas que a institución lle dedica a autora.

A través de distintos fragmentos e referencias ao seu legado, literario e extraliterario, foise trazando na sesión o retrato dunha



intelectual en toda a amplitude do termo. Unha muller que demostrou sempre un compromiso inquebrantable coa xustiza social, coas novas xeracións e coa lingua propia. Seguindo o seu exemplo,

é tempo de deseñar para o idioma de Galicia "un novo horizonte, un novo tempo que corrixa erros e abra esperanzas", salientou o presidente, RAG, Víctor F. Freixanes, na clausura do acto.

En Vietnam tamén coñeceron a lingua galega

A Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da provincia de Lugo que preside Ángel Trabada, ven de celebrar o Día das Letras Galegas en Vietnam, sendo posiblemente os primeiros galegos que celebraron o día 17 esta efeméride.

Eran as 5,30 da mañá en España (10,30 en Vietnam), estando o grupo lucense percorrendo a Bahía de Halong a bordo do Amanda Cruise, cando se xuntaron para contemplar a mensaxe audiovisual enviada desde Galicia polo xornalista Xulio Xiz, membro da Asociación na que se lembrou a obra de Luís Villalta, a homenaxeada nesta edición. Tamén se lembrou a lucenses que agardan ser homenaxeados no Día das Letras:



Avelino Díaz, de Meira; Carmiña Prieto, de Vilalba; Manuel Rodríguez de Paradela, e Fiz Vergara Vilariño de Samos.

O grupo de Amigos do Camiño, que percorre Vietnam na súa

viaxe cultural anual, ten celebrado o Día das Letras en lugares como Bulgaria, Sicilia, Rumanía ou Xordania, por coincidir estas viaxes coa Festa Galega da escrita e da fala.

Vigo apresentou libro sobre memórias da ditadura portuguesa



No pasado 16 de maio foi presentado en Vigo o libro "Memórias da Ditadura - Sociedade, Emigração e Resistência". A obra, uma edição bilingue (português e inglês), foi concebida pelo historiador Daniel

Bastos a partir do espólio fotográfico inédito de Fernando Mariano Carneira, antigo oposicionista, militar desertor, emigrante e exilado político, foi apresentada no Camões - Centro Cultural Português em Vigo.

Sumar Galicia pide acelerar os prazos para o Corredor Atlántico

Juan Díaz Villoslada, representante de SUMAR Galicia A Coruña e número dez na candidatura europea de SUMAR, aproveitou a visita á cidade do Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, Óscar Puente, para presentar un documento no que pide acelerar os prazos para a finalización do Corredor Atlántico da Rede Transeuropea de Transportes.

Villoslada refírese, concretamente, ás conexións Galicia-

Portugal e A Coruña-Ferrol-Lugo-Monforte, dúas das máis importantes para fomentar o tecido industrial en Galicia e axudar a mellorar a mobilidade dos traballadores. "A conexión con Portugal Vigo-O Porto ten a data prevista en 2040, e a rede global, na que se inclúen as conexións A Coruña-Ferrol e Ferrol-Lugo-Monforte, en 2050. Estas datas son absolutamente inaceptables", explicou.

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACION E ASESORAMENTO DE EMPRESAS

José Abraldes Amil
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
36400 - O Porriño (Pontevedra) abraldes@orgaserco.es

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Concellos galegos envían axuda alimentaria a Gaza

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade municipalista conformada por 105 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, realizou unha doazón de 10.000 euros ao chamamento urxente da Axencia de Nacións Unidas para a Poboación Refuxiada de Palestina (UNRWA) co fin de cubrir as necesidades máis inmediatas na Faixa de Gaza. O cargamento chegará vía Exipto polo paso de Rafah, actualmente controlado por Israel e obxectivo militar israelí.

A achega realizada permitirá proporcionar alimentos durante un mes a 289 persoas en situación de extrema vulnerabilidade, das que



a metade son mulleres e un 47% menores. A iniciativa faise pública coincidindo co Día da Nakba, "catástrofe" en árabe, en referencia ao episodio histórico de 15 de

maio de 1948 no que milleiros de palestinas e palestinos se viron obrigados a abandonar os seus fogares tras a guerra árabe-israelí e a creación do Estado de Israel.

CPXG presentou achegas para a nova Lei de Medios Públicos

A Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) vén de presentar as súas achegas, a través do Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, á consulta pública aberta pola Secretaría Xeral de Medios para a realización dunha nova Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

En consonancia co recentemente aprobado Regulamento

Europeo sobre a Liberdade dos Medios de Comunicación, o CPXG propón o reforzamento do carácter público da CRTVG; a garantía de que a Corporación contará coa estrutura, dimensión e recursos orzamentarios e humanos necesarios para cumprir coas súas funcións; a salvagarda do cumprimento da función de servizo público; a promoción activa da igualdade entre mulleres e homes; o establecemento de procedementos e mecanismos para

garantir a independencia editorial; a creación dun estatuto profesional e do Consello de Informativos; a posta en marcha de órganos de control externo como o Consello Superior do Audiovisual de Galicia; a implantación de medidas para garantir a estabilidade do cadro de persoal e o recoñecemento do motor que os medios públicos representan para a produción e innovación do sector audiovisual galego.

Novo medio dixital en galego: "Futbolingalicia"

No marco do Día das Letras Galegas celebrado o 17 de maio foi presentado un novo medio dixital en galego: "Futbolingalicia". Seguindo a esencia do xa contrastado Futbolinlugo, este medio albergará un mínimo dun contido exclusivo e de calidade dia-

rio. Entrevistas, reportaxes e noticias de interese sobre o fútbol feminino e as categorías masculinas desde a Segunda RFEF á Primeira Galicia. O equipo está conformado por cinco xornalistas: Carlos Julio González, Carla Vizoso, Ángel Martínez, Marcos Fernández e Santi Real.

Rogelio Groba Otero, novo vicepresidente do Consello Municipal da Cultura na Coruña

O Consello Municipal da Cultura da Coruña, a través dunha sesión ordinaria celebrada no Centro Sociocultural Ágora, elixiu como vicepresidencia a Rogelio Celso Groba Otero, proposto pola Filarmonía da Coruña, a Orquestra Cámara Galega e a Fundación Rogelio Groba.

En canto á Comisión Permanente, foron elixidos como vogais Fernanda Flores; Francisco López; Clara Porta; Pedro Vasco; Álvaro Benedicto Pérez; Martina Souto; e Héctor Francesh. Este órgano de participación impulsado polo Concello da Coruña está conformado por representantes do tecido asociativo coruñés, a UDC, a Deputación da



Coruña e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Tamén participan representantes dos partidos políticos na Corporación Municipal como Roberto Coira (PP), Manuel Vázquez (PSOE) e Mercedes Queixas (BNG)





Gracias

TANATORIO ARBO



TANATORIO PONTEAREAS



TANATORIO TUI



TANATORIO TOMIÑO

